

**INSTRUCCIÓN 1/2021 DA VICERREITORIA DE INVESTIGACIÓN,  
DE 12 DE XANEIRO, REFERENTE AO REGULAMENTO DO  
PERSONAL INVESTIGADOR VISITANTE PARA OS VISITANTES  
PREDOUTORAIS XA MATRICULADOS NUN PROGRAMA DE  
DOUTORAMENTO INTERUNIVERSITARIO NO QUE  
PARTICIPA A UNIVERSIDADE DE VIGO**

O Regulamento do persoal investigador visitante aprobado en Consello de Goberno de data 1 de xullo de 2020 no seu artigo 2. Definición de persoal investigador visitante e do alcance da súa condición contempla:

*No caso dos investigadores/as predoutorais rexistrados como investigadores/as visitantes deberán, ademais, formalizar a súa matrícula na Universidade de Vigo nun programa de doutoramento concreto ou no programa xenérico da Escola Internacional de doutoramento–Eido– (no caso de que non atopen dentro da oferta de programas de doutoramento da Universidade de Vigo unha liña de investigación afín a aquela en que están traballando) baixo a modalidade de matrícula de «Estadía» polo tempo da súa duración.*

*Nestes casos, se a estadía do investigador/a predoutoral fose inferior a 3 meses, só tería que pagar o 25 % do custo total da matrícula. Se a duración non supera os 6 meses, o custo sería do 50 % das taxas, e o 75 % se a duración fose inferior a 9 meses. No caso de que a duración fose de 9 meses, habería que aboar o 100 % das taxas da matrícula.*

Pódense identificar as seguintes tipoloxías de persoal investigador predoutoral visitante:

1. Quen realiza a estadía a través dun contacto (anfitrión) na Universidade de Vigo, pero sen ningunha vinculación cun programa de doutoramento ou proxecto de investigación da Universidade de Vigo.
2. Quen realiza a estadía ao abeiro dun proxecto de investigación no que participa a Universidade de Vigo.
3. Quen se matricula nun programa de doutoramento non interuniversitario da Universidade de Vigo.
4. Quen se matricula nun programa de doutoramento interuniversitario ou conxunto noutra universidade diferente á Universidade de Vigo, pero no que esta participa a través dun convenio de colaboración.

Segundo a normativa, as persoas pertencentes á tipoloxía 4 xa pagaron as taxas da súa matrícula na súa universidade de orixe polo que, seguindo o exposto, quedan exentas de aboar importe algún pola súa matrícula na Universidade de Vigo, sen prexuízo de que todas as incluídas nas diferentes tipoloxías gocen dos dereitos establecidos no artigo 5 do dito Regulamento.

